

REGULAMENTO DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

TÍTULO PRELIMINAR

O Art. 38.3 da Lei 31/1995 de 8 de novembro de prevención de riscos laborais, determina que os Comités de Seguridade e Saúde Laboral adoptarán as súas propias normas de funcionamento.

Con base a isto establécese o presente regulamento entre os representantes da Universidade de Vigo e os delegados de prevención desta, cuxa pretensión é o fomento e a organización do debate, facilitando o intercambio de puntos de vista entre as dúas partes, creando un foro de diálogo estable, dándolle a correspondente formalización aos seus procedementos e decisións, para que sexan efectivas, de modo que o Comité sexa operativo e áxil alcanzando os fins e obxectivos que legalmente ten encomendados.

CAPÍTULO I: Do Comité de Saúde Laboral. Definición. Ámbito de aplicación. Composición.

Art.1.- Definición

O Comité de Saúde Laboral é o órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións da Universidade de Vigo, en materia de prevención de riscos laborais, cuxas competencias, organización e funcionamento adecuaranse ao disposto no presente regulamento e no ordenamento xurídico aplicable.

Art. 2.- Ámbito de aplicación

As presentes normas afectan de forma directa aos membros de pleno dereito do Comité de Seguridade e Saúde da Universidade de Vigo, e indirectamente, en canto a obrigacións e funcións, aos membros das comisións de traballo que non sexan membros de pleno dereito e formen parte delas.

Art. 3.- Composición

A composición do Comité de Seguridade e Saúde axustarase ao establecido nos arts. 35 e 38 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais e arts. 4 e 5 do R.D. 1488/98.

O presente comité estará integrado por 22 membros, repartidos en igual número entre os delegados de prevención dunha banda e a representación da Administración doutra.

Serán membros do Comité:

- a) A persoa que exerza a súa presidencia, que será nomeada polo Reitor.
- b) A persoa que exerza a secretaría, que será nomeada e cesado polo Reitor, a proposta e entre os delegados de persoal, por maioría cualificada de $\frac{3}{4}$ e co visto e praxe da presidencia.
- c) 10 representantes da Universidade de Vigo, nomeados pola persoa que exerza a presidencia.
- d) 10 delegados de prevención elixidos por e entre os órganos de representación de PDI e de PTXAS, na procura de que todos eles, así como os respectivos ámbitos territoriais, estean representados.

Co mesmo criterio de elección da presidencia e da secretaría poderá nomearse unha vicepresidencia e unha vicesecretaría, que actuarán nos casos de ausencia, vacancia o enfermidade da presidencia ou secretaría segundo o caso.

As vacantes producidas serán cubertas polos órganos afectados.

CAPÍTULO II: Da súa organización. Órganos colexiados e unipersoais

Art. 4. – Órganos colexiados e unipersoais

Para levar a cabo os seus cometidos, o Comité de Seguridade e Saúde contará cos seguintes órganos, ademais dos medios e apoio necesario para o correcto desenvolvemento das súas funcións que serán facilitadas pola Universidade de Vigo:

4.1. Órganos colexiados:

4.1.1 O pleno estará composto polo presidente, o secretario, mais o resto dos membros do Comité de Seguridade e Saúde.

Ao pleno poderán asistir con voz pero sen voto, os delegados sindicais de acordo co Art. 38.2 da Lei 31/1995, así como os técnicos responsables da prevención na Universidade de Vigo (tanto os técnicos do servizo propio da Universidade como os do servizo alleo), e se así o solicitase algún dos membros do Comité, poderán participar traballadores da empresa ou técnicos alleos a ela, que contén cunha especial cualificación ou información respecto ás cuestións que se van debater.

4.1.2 As Comisións de traballo ou seguimento, creadas para o desenvolvemento e estudo de materias específicas, nas mesmas condicións que se fixan para as reunións do Comité no art. 38.2 parágrafo terceiro de la LPRL, sendo súa composición, función e duración determinada polo pleno, non sendo imprescindible que sexan os seus compoñentes, membros de pleno dereito do Comité de Seguridade

Saúde Laboral na súa totalidade, en todo caso gardarase a representación paritaria.

As súas normas de funcionamento adaptaranse por analoxía ás demais establecidas para os órganos de este Comité, e as súas conclusións deberán ser aprobadas polo pleno.

As comisión de traballo contarán cunha presidencia e secretaría que serán exercidas por dous dos seus membros, elixidos entre eles que teñan a condición de membros natos do Comité.

4.2 Órganos unipersoais:

Son órganos unipersoais o presidente, o secretario, o vicepresidente e o vicesecretario.

En caso de ausencia da persoa que exerza a presidencia será substituída pola que exerza a vicepresidencia. De idéntico xeito para o caso de ausencia da secretaría, esta será exercida pola persoa designada para o desempeño da vicesecretaría.

CAPÍTULO III: Das funcións, facultades e competencias do Comité de Seguridade e Saúde Laboral.

Art. 5.- Funcións do Comité de Seguridade e Saúde Laboral:

O Comité de Seguridade e Saúde ten por obxectivo prioritario facer da Universidade, un exemplo a seguir en canto ao cumprimento e adaptación ás leis e demais normas legais, tanto nacionais coma europeas e internacionais, cara á mellora das condicións de traballo.

Correspóndelle ao Comité de Seguridade e Saúde:

1. Participar na elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan de Prevención.
2. Promover iniciativas de prevención dos riscos, propoñéndolle a empresa a mellora das condicións ou a corrección das deficiencias existentes.
3. Debater, antes da posta en práctica, os proxectos en materia de organización do traballo e introdución de novas tecnoloxías, no referente a súa incidencia na prevención de riscos.
4. Informar das súas actividades, para coñecemento xeral dos seus representados, observando o sigilo profesional que lle esixe o art.65 do Estatuto dos Traballadores.
5. Impulsar e garantir a formación en saúde laboral, de todos os traballadores promovendo que os representantes da administración e os xefes dos servizos, contén coa formación axeitada para aplicar nas súas decisións criterios de prevención.
6. Recadar da Universidade que fomente a nivel de todos os traballadores, as boas prácticas con relación á seguridade e á saúde.

Art.6.- Para o exercicio das súas competencias o Comité de Seguridade e Saúde ten atribuídas as seguintes facultades:

1. Ser consultado na selección, da modalidade, composición e tipo de expertos necesarios, para a composición do servizo de prevención.
2. Ter coñecemento de cantos informes e estudos obteña a Universidade de Vigo sobre cuestións relacionadas coa prevención, provenientes dos servizos de prevención, servizos médicos, inspección de traballo, delegados de Prevención ou outras entidades. Así mesmo, acceder á documentación que existe na Universidade de Vigo sobre materias relacionadas coas condicións de traballo e os seus riscos para a saúde, sempre que non afecte á intimidade dos traballadores ou estea protexida polo segredo profesional.
3. Facer prevalecer os métodos de eliminación do risco na súa orixe e de protección colectiva fronte á protección individual.
4. Ser consultado para a elaboración dos pregos de contratación en materia de prevención, e vixiar o seguimento do cumprimento das obrigas contratadas.
5. Ser consultados pola empresa na determinación de criterios e procedementos para a avaliación de riscos.
6. Coñecer e analizar os danos producidos á saúde ou na integridade física dos traballadores, valorando as súas causas e propoñer medidas preventivas.
7. Realizar as visitas aos lugares de traballo que considere oportunas, co fin de coñecer directamente a situación deses lugares con relación á prevención de riscos.
8. Coñecer e informar a memoria e programación anual dos servizos de prevención.
9. Coñecer, as estatísticas sobre o índice de absentismo e súas causas, os accidentes de traballo e enfermidades profesionais e as súas consecuencias, os índices de sinistralidade e mais os estudos periódicos ou especiais do medio natural laboral e os mecanismos de prevención que se empreguen.
10. Exercer unha labor de vixilancia sobre:
 - a. Nivel de aplicación e resultados do plan de prevención.
 - b. O cumprimento da Lei de Prevención de Riscos Laborais e demais normas sobre saúde laboral, coas particularidades previstas no art.19 do Estatuto dos Traballadores.
11. Facer un seguimento dos métodos de eliminación de riscos propostos, e a posta en práctica dos seus acordos a través da petición razoada da información necesaria.
12. Colaborar coa dirección da empresa, para manter e incrementar a eficacia dos distintos servizos, mantendo sempre unhas condicións de traballo dignas.

13. Coñecer as actividades que asume o Servizo de Prevención, facendo un seguimento especial delas, instando este Comité á Universidade de Vigo, para que o Servizo de Prevención dispoña dos materiais e técnicos suficientes para o desenvolvemento do seu traballo, e propiciando que asuma as seguintes:
- a. Promover a xestión integrada da prevención na empresa.
 - b. Avaliar os riscos.
 - c. Vixiar o ambiente e as condicións de traballo mediante un control periódico.
 - d. Facer unha axeitada vixilancia da Saúde, con profesionais adecuados para a súa execución.
 - e. Manter rexistros de datos ambientais e sanitarios.
 - f. Proporcionar formación e información.
 - g. Adaptar os postos de traballo.
 - h. Coordinarse co Sistema Nacional de Saúde.
 - i. Prestar os primeiros auxilios.
 - j. Plans de Emerxencia
14. Coñecer os programas de vixilancia da Saúde adaptados aos riscos, e a avaliación dos seus resultados cas limitacións previstas no Art. 22.4 da Lei 31/1995.
15. Fomentar a participación activa dos delegados de prevención nas avaliacións de riscos, debatendo e estudando os riscos que é necesario analizar ou controlar, promovendo criterios e procedementos de avaliación ou realizando avaliacións complementarias.
16. Coñecer todas as denuncias e queixas que se realizan na Universidade de Vigo, ou requirimentos e sancións da Inspección de Traballo, en materia de prevención de riscos, sendo informado das medidas adoptadas pola Universidade de Vigo para resolvelas.
17. Calquera outra función atribuída pola lexislación vixente.

CAPÍTULO IV: Das funcións e competencias doutros órganos

Art. 7.- Funcións e competencias da presidencia

Corresponde á presidencia:

- 1. Presidir as reunións do Comité, moderando o desenvolvemento dos debates.
- 2. Ostentar a representación do órgano.
- 3. Dar efectividade e cumprimento aos acordos do pleno e facer que todos os seus membros os respecten e os trasladen á empresa.

4. Xestionar ante a empresa as facilidades e medios para que os órganos e membros do Comité de Seguridade e Saúde leven a cabo as súas actividades.
5. Xestionar a publicación dos acordos dos órganos do comité.
6. Ordenar a convocatoria das sesións e fixar a orde do día, tendo en conta as peticións formuladas polos demais membros do pleno formuladas con cinco días de antelación, como mínimo.
7. Visar as actas e certificacións dos acordos.
8. Presentar ao comité, todas as propostas, informes e iniciativas que considere oportunas.
9. Dispor ou propor a asistencia dos invitados cuxo informe ou participación, que sexan necesarios para o debate sobre algún punto do día.

Art.8.- Funcións e competencias do secretaría

Corresponde á secretaría:

1. Convocar as reunións do Comité, por orde do presidente, dentro dos prazos previstos, acompañando a orde do día e, os informes ou documentos que teñan que ser tratados na reunión.
2. Asistir ás reunións do pleno, levantando acta das mesmas.
3. Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos adoptados.
4. Custodiar e arquivar a documentación de todos os órganos do Comité de Seguridade e Saúde, á vez que se fai responsable da súa entrega en perfecta orde e numeración como figuran nos libros de rexistro de entrada e saída do Comité.
5. Prover ós distintos membros do Comité da documentación e dos informes que sexan necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.
6. Computar os resultados das votacións.
7. Auxiliar nas súas funcións ao presidente.

Art. 9.- Facultades dos membros do Comité:

1. Recibir, cunha antelación mínima de tres días hábiles, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións ao igual que recibirá a documentación sobre os temas a debater.
2. Asistir ás reunións ordinarias e extraordinarias do pleno do Comité, así como ás comisións ás que pertenza.
3. Participar nos debates das sesións.
4. Participar nas modificacións do regulamento.
5. Exercer seu dereito ao voto e formular un voto particular, así como expresar con liberdade súas opinións, o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

6. Formular os asuntos e preguntas, que considere oportuno para o ben dos seus representados.

Art. 10.- Da capacidade do Comité e da súa responsabilidade

Recoñécese conforme ao disposto no Art. 10 da Lei 9/87 ao Comité de Seguridade e Saúde colexiadamente e por decisión maioritaria dos seus membros, lexitimación para iniciar como interesado os procedementos correspondentes e exercer as accións legais en todo o relativo ao ámbito das súas funcións.

A empresa non poderá declinar as súas propias responsabilidades en materia de saúde laboral no Comité de Seguridade e Saúde.

CAPÍTULO V: Das convocatorias e sesións

Art. 11.- Celebración do pleno e toma de acordos

Para a válida celebración dun pleno, as súas deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do Presidente, o Secretario (ou os seus substitutos) e dun tercio de cada unha das representacións que o compoñen, na primeira e única convocatoria.

Art. 12.- Reunións ordinarias e extraordinarias

O pleno do Comité reunirase en sesións ordinarias trimestralmente polo menos, ou ben por solicitude a maioría dos membros dunha das partes do Comité de Seguridade e Saúde.

O texto da convocatoria farase por escrito con tres días hábiles de antelación como mínimo e especificará o lugar, día e hora da reunión, orde do día, ademais da documentación adecuada para o seu estudio previo, cuxo primeiro punto sempre será a aprobación da acta anterior se procede, aparecendo como punto obrigatorio desa orde do día o apartado outros asuntos de urxencia, que deberán ser admitidos a trámite por maioría absoluta de cada unha das dúas representacións do Comité.

Con todo, quedará validamente constituído o Comité de Saúde Laboral, aínda cando non se cumpriran os requisitos da convocatoria, cando estean todos os seus membros presentes e así o acorden a totalidade dos seus membros.

Con carácter xeral a convocatoria das reunións extraordinarias efectuarase dentro dos 15 días naturais seguintes ás solicitudes.

Art. 13.- Reunións extraordinarias con carácter de urxencia

Celebraranse ante un acontecemento extraordinario ou que requira unha actuación inmediata por parte do Comité de Seguridade e Saúde.

Deberanse convocar polo presidente, e poderán solicitarse:

1. A iniciativa propia do presidente.
2. A proposta do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.
3. A proposta dunha das partes.

Deberanse convocar reunións extraordinarias nos seguintes casos:

1. Accidentes ou danos graves.
2. Incidentes con risco grave.
3. Tarefas concretas especialmente perigosas.

De cada reunión levantarase unha acta que deberá conter:

1. Relación de asistentes.
2. Temas debatidos.
3. Acordos adoptados cos resultados das votacións, así coma os prazos e responsables de levar a cabo as tarefas acordadas.
4. Calquera membro terá dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo de 72 horas, o texto que corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose á mesma. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formula-lo seu voto particular por escrito no mesmo prazo de 72 horas, que se incorporará ó texto da acta.
5. Incidencias.
6. Lugar e data.
7. Sinatura do secretario co visto e prace do presidente.

A aprobación da acta farase por maioría simple dos membros das dúas partes asistentes á sesión.

Art. 14.- Reunións extraordinarias con carácter de urxencia

De cada reunión levantarase unha acta que deberá conter:

1. Relación de asistentes.
2. Temas debatidos.
3. Acordos adoptados cos resultados das votacións, así coma os prazos e responsables de levar a cabo as tarefas acordadas.
4. Incidencias.
5. Lugar e data.
6. Sinatura do secretario co visto e prace do presidente.

Calquera membro terá dereito a solicita-la transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo de 72 horas, o texto que corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose á mesma.

Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formula-lo seu voto particular por escrito no mesmo prazo de 72 horas, que se incorporará ó texto da acta.

A aprobación da acta farase por maioría simple dos membros das dúas partes asistentes á sesión.

Art. 15 Vixencia

Este regulamento entrará en vigor dende a súa aprobación polo Comité de Seguridade e Saúde, revogando calquera regulamento anterior.

Art. 16 Modificación do regulamento

A modificación do presente regulamento realizarase en sesión extraordinaria.

O regulamento poderá ser modificado pola proposta da maioría dunha das partes do Comité de Seguridade e Saúde.

O acordo de modificación deberá estar amparado polo menos por 2/3 dos compoñentes de cada unha das partes do Comité.